

### Obxectivos:

Este curso monográfico ten como principal obxectivo coñecer o novo marco establecido polo Real decreto lei 23/2018, do 21 de decembro, de transposición de directivas en materia de marcas, transporte ferroviario e viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados.

Este curso resulta imprescindible para o persoal inspector dada a aplicación inmediata desa normativa e o importante volume de problemas que xeran as viaxes combinadas, o que se traduce na necesidade de coñecer o novo marco normativo para afrontar axeitadamente tanto a investigación dos feitos denunciados en relación con esas viaxes como o asesoramento realizado ás persoas usuarias turísticas e ás persoas profesionais do sector das axencias de viaxes, que demandan unha información continua e permanente sobre esta nova regulamentación.

### Persoas destinatarias:

Persoal empregado público adscrito á Axencia de Turismo de Galicia, tanto da inspección de turismo como das unidades tramitadoras que realice funcións de asesoramento e información en materia de viaxes combinadas, así como persoal da inspección de consumo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

### Convocatoria:

DOG núm. 82, do 30 de abril de 2019

### Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).  
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

### Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

## O NOVO RÉXIME DAS VIAXES COMBINADAS E SERVIZOS DE VIAXE VINCULADOS

Santiago de Compostela, 8 e 9 de maio de 2019



Horario: 9:00 a 14:00 h.

1. Antecedentes.
2. Ámbito de aplicación e definicións.
3. Responsabilidade por erros na reserva.
4. Viaxes combinadas:
  - a. Información precontractual
  - b. Carácter vinculante
  - c. Contido do contrato e documentación
  - d. Carga da proba
  - e. Cesión do contrato de viaxe
  - f. Modificación do prezo
  - g. Modificación doutras cláusulas do contrato
  - h. Resolución, cancelación e desistencia
  - i. Responsabilidade e dereito de resarcimento
  - j. Redución do prezo e indemnización por danos e prexuízos
  - k. Garantías

*“Viaxar e cambiar de lugar revitaliza a mente” - Séneca*

Horario: 9:00 a 14:00 h.

5. Servizos de viaxe vinculados:
  - a. Protección fronte a insolvencia
  - b. Información precontractual
6. Prescrición e réxime sancionador.
7. Formularios de información.
8. Casos prácticos e xurisprudencia.
9. Overbooking, cancelacións e atrasos. Danos á equipaxe.
10. Conclusións.

**Docencia:**

*Pascual Martínez Espín.*

Catedrático de Dereito Civil. Universidade de Castela-A Mancha

*“É a viaxe e non o arribo o que importa” - T. S. Eliot*

*“Nada desenvolve a intelixencia como o viaxar” - Emile Zola*

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.  
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>